

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión III**, relativa ao empobrecemento da clase traballadora.

Coa publicación do informe do INE relativo aos salarios do 2013, Galicia confirma a súa situación como a terceira comunidade cos salarios máis baixos, malia unha subida dispar e sesgada do 2,2% no pésimo conxunto do Estado onde continuou a baixada salarial ao caer un 0,1%. Confirmación atravesada dunha crecente fenda salarial e co paradoxo neoliberal que representa que as persoas xubiladas cobren máis de media que a maioría das traballadoras e traballadores agás os de máis idade.

Un traballador galego gañou de acordo aos datos da enquisa salarial 19.824,66 euros, a terceira media máis reducida, claramente por baixo dos 22.697,9 euros da media estatal e moi alonxado dos case 27.000 euros que percibe unha persoa asalariada no País Vasco. Aínda máis se agranda a distancia toda vez que a mediana da retribución dunha persoa asalariada en Galicia cae ate os 17.187,12 euros anuais.

Dende que chegou Núñez Feijóo a clase traballadora galega padece un progresivo empobrecemento, ao punto que cos datos publicados polo INE constátase que 177.000 traballadoras e traballadores sobreviven con menos de 375 euros mensuais, crecendo un 20% a causa da ortodoxia neoliberal (un 52% dese colectivo son mulleres). Entre 4.500 e 9.034 euros (a retribución anual derivada de percibir o importe do SMI) a enquisa recolle a situación doutros 121.800 persoas asalariadas; para resumir máis dun tercio da clase traballadora galega sobrevive na pobreza.

A frecha dos salarios castiga a xente traballadora pola súa idade, o seu sexo e a modalidade de contratación, de xeito que o incremento salarial se acantona nos tramos de idade máis elevados, en particular a partires dos 55 anos. Ate os 34 anos, segue a baixar o salario recibido. Indicador que expresa en que pésimas condicións se incorpora a xente nova ao mercado laboral. Por sectores, é na industria onde se aprecia un claro incremento salarial, precisamente o sector que está a dismantelar a política ultraliberal do goberno Núñez Feijóo.

As fendas salariais pódense apreciar en materia de sexo, ao se manter unha diferenza media de 5.264 euros no ano 2013, logo de acadar un máximo en 2012 (5.332 euros). Ou entre a modalidade de contratación temporal e indefinida, onde a diferenza case chega os 6.000 euros.

Os datos do INE sobre a estrutura salarial confirman que no 2013 as clases traballadoras seguimos a sufrir a acentuación da pobreza e da desigualdade. As políticas neoliberais si cumpren o seu cometido: abaratar o custo da forza de traballo e como consecuencia facer máis difícil e/ou insoportable as condicións materiais de vida para a maioría social deste país.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

- Síntese satisfeita a Xunta do progresivo crecemento do número de traballadoras e traballadores galegos que sobreviven por baixo do limir da pobreza?
- Considera que esa pauperización é a peaxe necesario para que creza o número de millónarios no noso país?
- Canto sufrimento adicional será necesario inflixirlle a xente traballadora deste país para que a cobiza empresarial e a violencia política da Xunta se sintan satisfeitas?
- Valora positivamente a Xunta a crecente desigualdade que reflicten os datos en materia de salarios?
- Que xustiza aprecia a Xunta en que caian os salarios máis baixos e crezan os dos directivos?
- Contempla o goberno galego rectificar de plano unhas políticas que provocan o empobrecemento da clase traballadora galega?
- Vai implementar a Xunta unha política alternativa a que executa na actualidade e que causa desigualdade e pobreza na nosa sociedade? De ser así, que actuacións vai desenvolver?

En Compostela, a 26 de xuño do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**



**Yolanda Díaz Pérez na data 26/06/2015 11:44:25**